



ROGO SOBRE MELLORAS NO PARQUE LUÍS PASÍN

O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, o seguinte **ROGO**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A pesar do descoñecemento para boa parte da cidadanía, sen dúbida por atoparse nunha situación elevada, o Parque Luís Pasín é unha das máis importantes zonas verdes do sur da cidade. Foi inaugurado no ano 2003, ocupando unha superficie de 20.000 metros cadrados, entre as rúas Emilia Pardo Bazán, José Ángel Valente e Doutor Maceira.

Aínda que presenta algunhas carencias en materia de accesibilidade, posto que en todo o seu contorno apenas dispón dunha única vía con rampla para achegarse á cima, o seu estado é, en liñas xerais aceptable, no que se refire tanto á área de xogos existente na súa parte central, como no conxunto da zona verde. Existen, iso si, algúns aspectos mellorables no tocante a mantemento e coidados dos seus equipamentos, entre eles a falta de auga nun dos surtidores preto da rúa Pardo Bazán, un punto de luz coa zona de conexións á vista e, sobre todo, o estado de deterioro que presentan os elementos de madeira que delimitan nun plano superior o camiño que circunda á área de xogos. Son arredor de unha decena de bancos e un longo tramo de varanda que presentan as táboas domeadas na súa maior parte, algunhas quebradas e practicamente todas elas con marcas de fungos e excrementos, nunha situación cando menos pouco atractiva para o descanso e que denotan unha continuada falta de atención, tal e como se pode apreciar nas fotografías que se acompañan.

À vista desta situación, o Grupo Municipal Popular formula o seguinte ROGO:

Que por parte do correspondente órgano do Goberno municipal se proceda a unha revisión das condicións que presenta o Parque Luís Pasín, situado entre os barrios de Conxo e Santa Marta, procedendo ao arranxo das deficiencias observadas, en especial a rehabilitación dos bancos e das varandas de madeira situados no contorno superior da área de xogos alí existente.

Santiago de Compostela, a 11 de maio de 2018

María José Castro Carballal
Concelleira do Grupo Municipal Popular

- Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela

ANEXO FOTOGRÁFICO

